



INFORMACIÓNS PARA O COMEZO DO DESENVOLVEMENTO DA LOE

Recollidas as diversas preguntas realizadas polos centros educativos a través do foro creado no portal da Consellería de Educación, así como formuladas por correo e/ou teléfono tanto á Inspección educativa como aos servicios centrais da Consellería, así como nas xuntanzas celebradas coa Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, parece preciso facer unha escolma coas informacións dadas por se é do interese dos equipos directivos dos centros.

LEXISLACIÓN

A--Normativa xa publicada para todo o Estado español.

- ❖ Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación. LOE BOE do 4 de maio.
- ❖ Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. BOE do 14 de xullo.
- ❖ Real decreto 1513/2006 do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación primaria. BOE do 8 de decembro.
- ❖ Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación secundaria obrigatoria. BOE do 5 de xaneiro de 2007
- ❖ Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación infantil. BOE do 4 de xaneiro de 2007



B—Normativa galega

- ❖ Decreto 30/2007, do 15 de marzo polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos. DOG do 16 de marzo.
- ❖ Orde do 17 de marzo que desenvolve o decreto anterior. DOG do 19 de marzo.
- ❖ Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das directoras e directores de centros docentes públicos. DOG do 12 de marzo
- ❖ Orde do 12 de marzo pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos. DOG do 13 de marzo.
- ❖ Decreto de currículo da Educación primaria. Nos derradeiros trámites. Próxima publicación. Borrador colgado na Rede: www.edu.xunta.es Profesorado-actualidade.
- ❖ Decreto de currículo para a Educación secundaria . Nos derradeiros trámites. Próxima publicación. Borrador colgado na Rede.
- ❖ Decreto de currículo para a Educación infantil. Primeiro borrador elaborado. En trámite.

Mentres non estean publicados os Decretos, non pode haber Ordes que os desenvolvan. As Ordes, pois, coas normativas sobre avaliación, programas de diversificación curricular e outras, serán posteriores.

O currículo do Bacharelato aínda está en fase de borrador no Ministerio de Educación. Logo da súa publicación comenzarán os trámites nas Comunidades autónomas.

Resumo do calendario de aplicación da LOE:

Curso escolar 2007-2008:

1º e 2º Cursos de Educación primaria.

1º e 3º Cursos de Educación secundaria.



Curso escolar 2008-2009:

3º e 4º Cursos de Educación primaria

2º e 4º Cursos de Educación secundaria

1º e 2º Ciclo de Educación infantil

1º Curso de Bacharelato.

Programas de cualificación profesional inicial.

Avaliación de diagnose ao finalizar 4º curso de E. primaria.

Avaliación de diagnose ao finalizar o 2º curso de E.secundaria.

Curso escolar 2009-2010

5º e 6º Cursos de Educación primaria

2º Curso de Bacharelato

Preguntas formuladas e respostas.

Programas de diversificación curricular: Materias. Acceso.

Os elementos básicos xa están no borrador do decreto. Como é preciso coñecer as materias e a súa carga horaria, queda colgado tamén o borrador da Orde que será publicada en DOG tan pronto como teña sido publicado o Decreto do currículo de Educación secundaria

En todo caso, indicáanse as respostas simplificadas ante as dúbidas máis frecuentes:

Duración: Por regra xeral serán de dous anos. Poderá haber de un só ano.

¿ Pode haber máis de un grupo por centro? Só naqueles centros que, polas súas dimensións, duplican as unidades dun centro ordinario.

Acceso: Dende 2º curso, sen posibilidades de promoción e tendo xa repetido **na Etapa.**

Dende 3º curso. Sen posibilidades de promoción e con dificultades para acadar os obxectivos nun grupo ordinario.

**Materias e distribución horaria**

3º CURSO		4º CURSO	
<i>MATERIA</i>	sesións.	MATERIA	sesións
Ámbito lingüístico-social	10	Ámbito lingüístico-social	9
Ámbito científico-tecnolóxico	9	Ámbito científico-tecnolóxico	8
Lingua estranxeira	3	Lingua estranxeira	3
<i>Educación plástica e visual</i>	2	<i>Música</i>	3
Tecnoloxías	2	Tecnoloxías	2
<i>Materia optativa</i>	2	<i>Materia optativa</i>	3
Educación física	2	Educación física	2
Ensinanza de relixión	1	Ensinanza de relixión	1
Titoría	1	Titoría	1

As materias en negrita serán cursadas co grupo de referencia.

Materias optativas:

Só haberá materias optativas en 3º e 4º de ESO.

No 3º curso o alumnado cursará unha materia optativa. Poderá haber, na oferta, catro materias optativas:

Tres de oferta obrigatoria: cultura clásica, segunda lingua estranxeira e taller de iniciativas emprendedoras.

Unha, sen a obriga das anteriores, ofertada polo centro. Esta materia non pode ser de contidos incluídos nos currículos, terá un carácter eminentemente práctico. Será preferentemente relacionada cunha familia profesional.

Polo tanto, en resposta a unha das preguntas, non se ofertarán nin Técnicas de expresión escrita, nin Ciencias da terra e medioambiente nin Informática.



A materia ofertada polo centro, se fose unha das que xa viñan sendo ofertadas e, polo tanto, que xa tiñan programación autorizada, non precisarán facelo de novo.

Agora ben, as programacións docentes terán que adecuarse á nova normativa, como o resto das materias, por exemplo no que concerne ao tratamento das competencias básicas, non contempladas ata agora.

Esta materia pode ser a mesma que se oferta en 3º ou outra diferente, coas características indicadas anteriormente.

As materias optativas escollidas só serán **cursadas** un ano, agás a segunda lingua estranxeira que pode ser cursada os dous anos.

Pregunta de se pode ofertarse máis dunha Lingua estranxeira: Si se se dan dúas condicións :

- Que o centro teña recursos para impartila.
- Que haxa grupo suficiente de alumnado.

En todo caso, cando se dea o caso, deberase solicitar a autorización á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a través da Inspección educativa.

Ensinanza da Relixión

Ante a pregunta de que haberá que facer co alumnado que non escolla este tipo de ensinanza, cómpre indicar que os centros educativos, dentro da súa autonomía, organizarán a atención a este alumnado, tendo en conta que non poderá ser dedicado ese tempo á aprendizaxe de contidos curriculares e, nunca suporá discriminación para o alumnado.

Profesorado que impartirá certas materias novas

O profesorado que impartirá esas materias está indicado no Anexo IV do borrador do Decreto.



Elaboración dos documentos : Programacións, Proxecto educativo.

Tal como figura no borrador do decreto de ROC o proxecto educativo incluírá, cando menos:

- ✓ Os valores, obxectivos e prioridades de actuación do centro, así como a súa oferta educativa.
- ✓ A concreción curricular das etapas educativas impartidas no centro.
- ✓ O plan de orientación académica e profesional.
- ✓ Plan de acción tutorial.
- ✓ Medidas de atención á diversidade.
- ✓ Plan de convivencia.
- ✓ Proxecto lingüístico do centro.
- ✓ Proxecto lector do centro.
- ✓ Plan TIC.
- ✓ Os programas, proxectos e iniciativas que o centro adopte con compromiso de continuidade e como sinal de identidade.
- ✓ Calquera outra circunstancia que caracterice a oferta educativa do centro.

Empezaranse a elaborar a partir do próximo curso 2007-2008 pero, moitos deles, non serán completados ata a implantación completa da Etapa correspondente. Máis concrecións nas Ordes que desenvolvan os Decretos.

Proxecto interdisciplinar do 1º curso

¿Quen o coordina?. Preferentemente a persoa titora pero pode ser calquera das/dos profesoras /es que imparten docencia nese curso.

¿Con que materias se elabora?. É unha decisión que teñen que tomar os centros. Aparte das Linguas poderán traballar con todas ou coas que decidan, sempre superiores a dúas.

¿ Ten que ser o mesmo para todos os grupos de 1º?. Non forzosamente.

Incluso pode ser que o centro decida facer dous proxectos máis pequenos, para un mesmo grupo, ao longo do curso académico.

Un pequeno folleto orientativo será enviado aos centros.



¿É materia avaliable?. Hai que partir da premisa de que non é unha materia, no sentido común dos casos. Non é avaliable se por avaliación se entende plasmar cunha nota nas actas de avaliación e que conte para efectos de promoción.

Non obstante será de grande importancia a información que nos proporcione do desenvolvemento do alumnado, do proceso de adquisición das competencias básicas, eixo deste proxecto. Polo tanto sí haberá observacións a ter en conta.

Alumnado que pode quedar exento da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º

O alumnado que tendo un desfase curricular grande, precise de reforzos e/ou apoios. Normalmente é alumnado que ten aplicadas ACI; por ter grandes dificultades para seguir o currículo ordinario.

Non é, polo tanto, o alumnado que poida ir mal nunha materia concreta.

Avaliacións de diagnóstico.

Tal como establece a LOE no artigo 144 correspóndelles ás administracións educativas desenvolver e controlar as avaliacións de diagnóstico e proporcionar os modelos e os apoios pertinentes co fin de que **todos os centros** poidan realizalas de modo adecuado.

Santiago de Compostela, 12 de xuño do 2007